



## **Subvencións para a contratación de menores de 30 anos**

A Xunta de Galicia convoca subvencións para a contratación por conta allea, que realicen as empresas e persoas empregadoras, para facilitar a **mozas e mozos menores de 30 anos** en situación de desemprego unha primeira experiencia profesional mediante contratos formativos.

### **Liñas de axuda:**

– **Liña 1:** programa de prácticas, mediante contratos para a obtención de práctica profesional, subscritos con persoas traballadoras menores de 30 anos que estean en posesión de título universitario (grao, máster ou doutoramento), ou título de grao medio ou superior, especialista, máster profesional ou certificado do sistema de formación profesional así como daquelas persoas que posúan un título equivalente de ensinanzas artísticas ou deportivas.

– **Liña 2:** programa de formación en alternancia, mediante contratos de formación en alternancia que se realicen con persoas traballadoras menores de 30 anos, e que poderán celebrarse con persoas que carezan da cualificación profesional recoñecida polas titulacións ou certificados requiridos para concertar un contrato formativo para a obtención de práctica profesional. Poderanse realizar contratos vinculados a estudos de formación profesional con persoas que posúan outra titulación sempre que non tivese outro contrato formativo previo nunha formación do mesmo nivel formativo e do mesmo sector produtivo.

**Entidades beneficiarias:** persoas e empresas beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as comunidades de bens e sociedades civís que contraten persoas mozas traballadoras por conta allea, para prestaren servizos en centros de traballo radicados en Galicia.

Tamén poden ser beneficiarias os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, que contraten persoas mozas traballadoras por conta allea, para prestaren servizos en centros de traballo radicados en Galicia

O período durante o que se teñen que producir os contratos formativos para que sexan subvencionables será desde o 1 de decembro de 2023 ata o 15 de outubro de 2024.

A **contía máxima** da subvención que se concederá con carácter xeral será de:

**a) Incentivo á contratación por 12 meses a xornada completa:**

- Incentivo á contratación para as persoas mozas contratadas nos grupos de cotización 1 e 2: 16.625 €.
- Incentivo á contratación para as persoas mozas contratadas nos grupos de cotización 3 a 7: 13.300 €.
- Incentivo á contratación para as persoas mozas contratadas nos grupos de cotización 8 a 11: 9.975 €.

**b) Incentivo á formación:** por cada persoa moza contratada, para a impartición dun programa formativo en competencias brandas, cunha duración mínima de 60 horas:

- 1.700 € para formación presencial
- 850 € para teleformación.

As persoas mozas serán contratadas a tempo completo ben na modalidade de obtención de práctica profesional ben de contrato de formación en alternancia durante un período mínimo continuado de 12 meses en ambos os casos, salvo que se trate dunha substitución.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o día 30 de setembro de 2024.

As **solicitudes** tramitaranse en <https://sede.xunta.gal> co procedemento TR353C

Máis información no [DOG do 22 de maio de 2024](#)